SP 141008

CONDUCIÓN 4 x 4

| DATOS XERAIS | | | |
|---|---|---|---|
| **Denominación** | CONDUCIÓN 4 x 4 | | |
| **Área** | Tráfico e seguridade viaria | | |
| **Cualificación** | Asistencia | **Horas** | 20 |
| **Modalidade** | Presencial. | **Lugar** | Circuíto Forcarei (Pontevedra) |
| **Data realización** | Do 23 ao 25/04/2014 | **Horario** | Os días 23 e 24 de 09:00 a 18:30 h e o 25 de 09:00 a 14:00 h |
| **Prazas** | 20 | | |

**DATOS ESPECIFICOS**

**OBXECTIVOS**

Adestrar ós participantes para que acaden novas técnicas e habilidades para unha conducción segura, e sexan capaces de afrontar o manexo e o dominio do 4x4 ante situacións adversas.
Formar ós traballadores encargados da condución deste tipo de vehículos para que traten de realizar o seu traballo cunha condución responsable, respectando as normas de circulación viaria.
Tentar reducir ó mínimo os riscos laborais dos traballadores que deban usar os vehículos 4x4 como medio para o desenvolvemento ou a realización das súas funcións profesionais.
Sinalar as pecualiaridades da condución neste tipo de vehículo en estrada.

**PROGRAMA**

Contido teórico:

1. - Pecualiaridades da conducción dun 4x4 en estrada: transferencia de pesos e centro de gravidade, adherencia do neumático e uso do acelerador
2. - Coñecemento do 4x4: Uso da tracción, uso da reductora, bloqueo dos diferenciais e uso do winch
3. - Técnicas de condución en 4x4: Conceptos previos (ángulo ataque, saída, pendentes...), uso do volante, uso do acelerador, o freo ABS e all road e manobras específicas do todoterreo.

Contido práctico:

4. - Series de condución en asfalto seco de 2x4
5. - Series de condución en asfalto seco de 4x4
6. - Series de condución en asfalto mollado de 2x4
7. - Series de condución en asfalto mollado de 4x4
8. - Zonas all road
9. - Condución en terra
10. - Manobras específicas: Ascenso/descenso de pendentes, cruce de pontes, paso de cristas, canles e gabias

**CRITERIOS DE SELECCIÓN ESPECIFICOS**

Terá preferencia o persoal ao servizo da Policía Local con postos de traballo que conleven a

| |
|---|
| utilización de vehículos 4x4 e requiran a circulación por estradas tanto de carácter urbano como interurbano. (será preciso que o indiquen no apartado de observacións da solicitude) |
| **SERA PRECISO REALIZAR O CURSO CO UNIFORME REGULAMENTARIO**. |